



Proba RAE-VEVE101, de carácter específico para o acceso ás ensinanzas de ciclo inicial de grao medio en vela con aparello fixo e aparello libre

Para a superación das probas de carácter específico cumprirá a avaliación positiva na totalidade dos criterios de avaliación descritos nelas.

Resultados da aprendizaxe e criterios de avaliación:

► ***Selecciona, prepara e recolle os materiais náuticos e as embarcacións de aparello libre, identificando as súas características e aplicando as técnicas axeitadas en condicións axeitadas á iniciación con ventos que en ningún caso superen os 10 nós.***

- a) Seleccionáronse os elementos de que consta a vestimenta, elementos de seguridade persoal (chaleco salvavidas, casco) e de axuda á navegación (arnés) para o goberno das táboas.
- b) Seleccionáronse e preparáronse as táboas, orzas, aleróns, aparellos, cabos, mastros, pé de mastro, botavaras necesarios para realizar a actividade de iniciación con aparello libre.
- c) Realizáronse rápida e eficazmente seis nós: ás de guía, ballestrinque, de oito ou lasca, chairo, cote, presilla de laverca.
- d) Colocáronse e aseguráronse correctamente a táboa e os aparellos con respecto ao vento.
- e) Inseriuse correctamente a vela no pau e tensado o aparello da táboa.
- f) Montouse correctamente a botavara, puño de escota e efectuouse correctamente a ancoraxe ao mastro na táboa.
- g) Desmontouse correctamente a táboa, encartáronse as velas e os cabos na táboa.

PROBA ASOCIADA: «PREPARACIÓN DA TÁBOA»

Preséntase o/a aspirante o material necesario para realizar a proba e debe realizar as seguintes accións:

En terra:



- Elixir a vestimenta tendo en conta as condicións ambientais: neopreno, escarpíns, chaleco salvavidas e anti-impacto, casco, lentes, gorra, luvas e medios de protección solar.
- Elixir o tipo de táboa, tamaño da vela, mastro e pé de mastro, botavara, cabos, driza, orzas, aleróns e sabres axeitados para a proba.
- Comprobar o estado e funcionamento do material, incluídos os elementos de seguridade e substituír en caso de deterioración ou defecto.
- Coller un cabo e realizar os seguintes nós: ás de guía, ballestrinque, de oito ou lasca, chairro, cote, presilla de laverca.

Para táboa:

- Coller o mastro e introducilo na vela.
- Colocar o pé de mastro e suxeitar cun cabo o puño de amura da vela ao pé.
- Colocar a botavara suxeitándoa ao mastro e á altura axeitada.
- Suxeitar o puño de escota da vela á parte traseira da botavara, utilizando o cabo axeitado e tensando a vela, dependendo da intensidade do vento.

REQUISITOS DO ACCESO DOS/AS DEPORTISTAS DE ALTO NIVEL OU ALTO RENDEMENTO

Estarán exentos/as de realizar a proba de carácter específico que se establece para ter acceso ao ciclo inicial de grao medio en vela con aparello fixo e aparello libre aqueles/as deportistas que acrediten:

- a) A condición de deportista de alto nivel nas condicións que establece o Real decreto 971/2007, do 13 de xullo, sobre deportista de alto nivel e alto rendemento na modalidade ou especialidade correspondente.
- b) A cualificación de deportista de alto rendemento ou equivalente na modalidade de vela con aparello fixo ou modalidade de vela con aparello libre, establecida polas comunidades autónomas de acordo coa súa normativa.
- c) Ter sido seleccionado/a pola Real Federación Española de Vela para representar a España, dentro dos dous últimos anos, polo menos nunha competición oficial internacional de categoría absoluta, na modalidade ou especialidade correspondente.



d) Quedar clasificado/a entre os cinco primeiros/as nalgún dos campionatos do Mundo, de Europa ou de España na modalidade correspondente.